



## BOLETIN DE COMUNICACIÓN

*Apelidos e Nome: Vázquez Piñeiro, A.; Campos Pérez, X.; Álvarez Gallego, E.*

*Enderezo: Rúa Amor Ruibal 30-32 baixo*

<i>C.P.: 15.702</i>	<i>Localidade: Santiago de Compostela</i>	<i>Provincia: A Coruña</i>
<i>Tel.: 981 56 87 05</i>	<i>Fax: 981 56 87 13</i>	<i>E-mail: xerontoloxia.consorcio@igualdadebenestar.org</i>
<i>Profesión:</i>		<i>Centro de Traballo: Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar</i>

TÍTULO

Autores

Centro de Traballo

CIDADE

Modo de presentación:

- Oral
- **x Póster**
- Indiferente

Medios Técnicos:

- Diapositivas
- Transparencias
- Informática: Power Point

Área:

- Clínica
- Social e comportamento
- Asistencial

Por favor, cubrir este formulario segundo as normas ó dorso, e envía-lo (orixinal, dúas copias e unha en formato electrónico) a:

**XXI Congreso da Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatría**  
**Apartado de Correos, 2**  
**Castro Ribeiras do Lea**  
**27260 LUGO**  
[21congreso.sgxx@gmail.com](mailto:21congreso.sgxx@gmail.com)

Data límite de recepción:  
**8 de Abril de 2009** Sinatura:

### **“Análise de satisfacción de clientes externos dos centros de día 2008”**

Vázquez Piñeiro, A\*; Campos Pérez, X\*\*.; Álvarez Gallego, E.\*\*\*

Médico Diplomado en Medicina Xeriatrica. Director Área do Benestar. \*\*Traballadora Social. Técnica de Xestión Xerontolóxica. \*\*\*Psicóloga. Técnica de Xestión Xerontolóxica.

#### XUSTIFICACIÓN

Dentro da planificación estratéxica da intervención nos centros de día do Consorcio, enmarcase a fase avaliativa do servizo.

#### OBXECTIVO:

Coñecer o grao de satisfacción das familias das persoas usuarias dos centros de día do Consorcio en base a parámetros tales como: avaliación das instalacións e o material dos centros, información e comunicación, funcionamento, servizos do centro de día, entre outros.

#### METODOLOXÍA

Estadística descriptiva baseada en enquisas con respostas categorizadas e realizadas telefónicamente ao total do universo.

#### RESULTADOS

-O estudo revela que os enquisados consideran case unánimemente, que os profesionais dos centros dispensan un excelente trato aos usuarios e que son quen de xerar un ambiente de confianza e empatía.  
-Nove de cada dez familias din dispoñer de información accesible, clara, concreta, rápida e fiable, o cal permite afirmar que o nivel de comunicación existente entre a rede de centros e as familias dos usuarios é moi bo.  
-Todos os aspectos relativos as instalacións dos centros, tales como a súa localización, e a habitabilidade /espazos, mobiliario, decoración), así como a hixiene, proporcionan un altísimo nivel de satisfacción nos enquisados.  
-Os resultados permiten afirmar que o uso dos servizos da rede de centros de día ten dado lugar a melloras efectivas e concretas na vida dos maiores que fan uso dos mesmos: sete de cada dez experimentaron melloras na súa situación de lucidez dende que acuden ao centro, do mesmo modo que o 66,4 % se atopa máis activo fisicamente e outros 2 de cada 3, melloraron a súa sociabilidade.

#### CONCLUSIÓN

A vista dos resultados obtidos, pódese afirmar como conclusión que os centros de día están a cumprir en boa medida, os principais obxectivos que impulsan o esforzo realizado a través da rede dos centros de día do Consorcio.